



TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan: Plan especial de ordenación do porto de San Tomé-Tragove (Cambados)

Promotor: Portos de Galicia

Órgano substantivo: Concello de Cambados

Expediente: 2017AAE2050

Código web: 1952/2017

O día 29.05.2017 recibíuse no rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio un escrito do Concello de Cambados no que comunica o inicio da tramitación do *Plan especial de ordenación portuaria do porto de Cambados*. Acompaña a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica, o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico presentados polo promotor.

Unha vez avaliada a documentación presentada e considerando que:

- 1 O plan especial portuario é un instrumento de planificación urbanística recollido no artigo 56 do Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante.
- 2 O artigo 46.2.b) da LSG sinala que será obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
- 3 A LSG establece tamén (artigo 75.3.b) que o órgano ambiental, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, consultará as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas por un prazo de dous meses.
- 4 Esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadá, ao abeiro do artigo 83.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O apartado 4 do mesmo artigo 83 faculta ás administracións para establecer outras formas, medios e canles de participación dos cidadáns no procedemento no que se ditan os actos administrativos.
- 5 A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático é o órgano ambiental competente para tramitar os procedementos administrativos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

ACÓRDASE

Someter a consulta pública na sede electrónica deste órgano ambiental por un **prazo de 2 meses** o documento ambiental estratéxico e o borrador do *Plan especial de ordenación do porto de San Tomé-Tragove (Cambados)*.

No caso de que este órgano ambiental determine que é necesario someter o planeamento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica, as observacións e suxestións recibidas serán tidas en conta tamén na elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (artigo 31.2.a da Lei 21/2013).



As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na sede electrónica deste órgano ambiental (<http://cmaot.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal
- Mediante fax remitido ao número 981 541 048.
- Mediante escrito presentado no rexistro administrativo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O informe ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na sede electrónica (<http://cmaot.xunta.gal/medio-ambiente-e-sostibilidade>) da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017